

**2º paso:** engraxamos a zoa do talón interior e exterior para facilitar a montaxe. Para montar a 1º parte do neumático incluso dependendo do tipo de perfil que teña este é posible facelo a man, simplemente empurrando o neumático cara a lamia coas mans en varias posicións.

Foa de facer presión  
coas mans



**2º paso:** Para montar a parte exterior da mesma montaremos o talón do neumático na cuña do brazo e xiramos o prato facendo presión o mesmo tempo coas mans no talón do neumático para axudar a introducir esta. Imaxe seguinte

Zoa de facer presión  
coas mans



**3º Paso:** coa axuda dun manómetro de aire poñeremos a presión correspondente ó tipo de roda. Esta presión será revisada unha vez montada no vehículo e posto este no solo.

Unha vez terminado o proceso de montaxe do neumático na lamia debemos facer un equilibrado de pesos do conxunto, que se fai con outra máquina (equilibradora de rodas) que será tratado noutro artigo.

**4º paso:** Montaxe da roda no vehículo. Esta farase de forma inversa a extracción tratada ó principio deste artigo. Cabe destacar neste paso o aperte que se debe facer á mesma, xa que non vale dalo cunha chave fixa, senón ai que utilizar unha chave dinamométrica para dar o par de xiro específico establecido polo fabricante, segundo o tipo de roda e vehículo á tódolos parafusos da mesma por igual.

#### APLICACIÓN NA AULA:

Este artigo, contén una serie de probas necesarias para facer una diagnoses, e o proceso de substitución da parte neumática da roda, con fotos para ter unha visión máis real da actividade.

Esta pódense aplicar como recurso didáctico para o alumno nas prácticas de taller de ciclos de mantemento de vehículos, realizando as mesmas individualmente ou en grupos reducidos, segundo decida o docente.

#### Bibliografía

- Tomas González Bautista: Circuitos de fluídos suspensión e dirección, editorial editex S.A.  
<https://www.launchiberica.com/categoria-producto/desmontadoras-de-neumaticos>.